

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo a través das súas Bibliotecas Municipais organizan como en anos anteriores o **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL**, que se celebra o vindeiro xoves 2 de abril na “Biblioteca Miguel González Garcés” do Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo e na “Biblioteca Municipal Xosé Cardeso Liñares” do Pazo de Vilamelania-Vilaboa, consistente na campaña “VEN CO TEU LIBRO PREFERIDO”.

Trátase dun encontro o **xoves 2 de abril** ás 18:30 horas cos nenos/as nas nosas bibliotecas para que nos amosen o seu libro favorito e a cambio AGASALLÁMOSLLE CUN LIBRO.

Este tipo de celebracións internacionais contribúen pola súa difusión, a sumarse ás campañas de estímulo, que realizamos dende Culleredo, de fomento da lectura e a creación de novos lectores, sobre todo entre o público infantil do Concello, aínda que xa participa dun xeito moi notable nas programacións de talleres de contos, contacontos ou contos en inglés, que dun xeito semanal celébranse nas bibliotecas dende novembro de 2008. Nestes días vimos precisamente de rematar un Programa que celebramos durante o mes de marzo e que denominamos LER E XOGAR, que pretendía animar a utilizar máis o fondo bibliográfico de literatura infantil e xuvenil en galego das nosas bibliotecas, destacando a participación de máis de 300 nenas/os e nas diferentes sesións do programa.

Culleredo, 30 de marzo de 2009.
O CONCELEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.